



Museo do Pobo Galego



Instituto de estudos das identidades

Malpica - Malpica de Bergantiños, 1980-03

Informante: Sebastián Rois Porto (marineiro, 64)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

188

♩ = 84

Malpica. Marzo 1980.

1) Es-te s-no van po-ñer un gha-r-diañ ca-da ri-bei-ra qu'has-ta nin can-gre-xos dei-xan os tres-que-ros da sal-gha:ra que xa'impe-zen à pa-ñer min-chas can-gre-xos e la-pas ber-ba-das a mais pa-tei-ros pa-ra ir ven-der ás pla-zas (b. a.)

204

IV. Melodías novas

variantes estróficas:

1) 2) 3) 4) 5) 6) 7)

Ponteceso III,1,447. Sebastián 64.

L: 28a.

*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.

ID#583

28a

Este ano van poñer
un ghuardia 'n cada ribeira
qu'asta nin cangrexos deixan
os fresqueros da Salgheira.

Que xa 'mpezan apañar
minchas cangrexos e lapas
barbadas a mais pateiros
para ir vender ás plazas.

Escribiron da Coruña
que lle manden mixillóns
para adorná-las ventanas
dos comercios dos Cantóns.

Pensábamos que as minchas
qu'eran por ser mal inverno
eran para ghornecer
as espertas do Relleno.

Os de Malpica falaban
pero foi con tanta 'nvidia
fixeron sete reás
e ghorbernaron a vida.

Decirdes qu'eses dous
que non son ben neghociantes
p'almorzar con cascarilla
fixeron cartos bastantes.

Xa non podemos decir
que n' hai quen se encontr'en todas
ir ás minchas pra vender
e á leña Roncadoiras.

O descubrimento deses
foi ighual ó que fixeron
sete náuticos que foron
cas chalanas para Beo.

Tínés como capitán
Xacobe de contramestre
cada un trinta raás
foron contand'asta sete.



ID#583



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Foron polo aghoísmo
non por falta do diñeiro
chegaron na recalada
á cas do Inacio d'Outeiro.

Siñor Inacio por Dios
a usté o mesmo ll'importa
veña 'nseño-la casa
do 'nxfanheiro da costa.

Que lle queremos pedir
se é que nos queira dar
un premiso por escrito
pa pola rampla bāixar.

Que s'apañamos percebes
algho ll'habemos de dar
se morremos afogados
miren na beira do mar.

Con esto nos despedimos
máis non podemos cantar
se non nos vemos primeiro
hasta outro Carnaval.